



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Expediente: 2025000035003

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA PEL-REDE COWORKING 2026

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Primeiro.- Mediante Resolución de Presidencia, número 49657 do 23 de outubro de 2025, publicada no BOP número 205 do 27 de outubro de 2025, aprobáronse as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de subvencións para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da rede provincial de coworking no ano 2026 (PEL-Rede Coworking 2026).

Segundo.- A convocatoria foi publicada no BOP número 213 do 6 de novembro de 2025 e o prazo de presentación de solicitudes rematou o 21 de novembro de 2025 ás 14:00 horas. A totalidade das solicitudes propostas para concesión foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e cumpren cos requisitos establecidos nela.

Terceiro.- A totalidade das solicitudes propostas para concesión con cargo a esta convocatoria considéranse correctas e axustadas aos termos e requisitos das bases do programa e as cantidades a asignar tamén se corresponden cos criterios de asignación das bases.

Cuarto.- Nas partidas orzamentarias 0520/24100/46201 e 0520/24100/481 do Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio 2026 existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das subvencións propostas. Vistos o informe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións ás entidades que se relacionan no Anexo 1, polos importes que se indican.

Segundo.- Denegar a concesión das subvencións ás entidades que figuran no Anexo 2, polos motivos que se indican.

Terceiro.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias 0520/24100/46201 e 0520/24100/481 do seguinte xeito, sendo o importe total proposto de 213.534,29 euros:

Expediente	Aplicación orzamentaria
2025000047854	0520/24100/481
2025000047732	0520/24100/481

2025000047819	0520/24100/481
2025000047437	0520/24100/46201
2025000044179	0520/24100/46201
2025000048117	0520/24100/46201
2025000047469	0520/24100/46201
2025000044432	0520/24100/46201
2025000047926	0520/24100/46201
2025000047098	0520/24100/46201
2025000046719	0520/24100/46201

Cuarto.- Anular o saldo sobrante do documento contable “A” e do correspondente “RC”.

Quinto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO 1 - Concedidas

Solicitudes	Importe subvención	Cantidade a xustificar
Beneficiario: ASOCIACION BAROÑA NIF: G75723122 Cod. Exp.: 2025000047854 Obxecto: DINAMIZACIÓN E XESTION DO ESPAZO COLABORATIVO ALIMENTARIO DE BAROÑA	27.000,00	54.000,00
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS SEARA NIF: G15839491 Cod. Exp.: 2025000047732 Obxecto: ASISTENCIA TÉCNICA PARA O GREEN COWORKING	12.287,00	24.574,00
Beneficiario: CAMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA SERVICIOS Y NAVEGACION DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NIF: Q1573004G Cod. Exp.: 2025000047819 Obxecto: DINAMIZACIÓN E XESTION DO COWORKING DIXITAL CCOMPOSTELA	16.950,00	33.900,00

Beneficiario: CONCELLO DA CAPELA NIF: P1501800E Cod. Exp.: 2025000047437 Obxecto: XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA CAPELA 2026	19.369,08	38.738,16
Beneficiario: CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL NIF: P1506800J Cod. Exp.: 2025000044179 Obxecto: PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COLABORATIVO COWORKING POBRA 2026	26.952,75	53.905,50
Beneficiario: CONCELLO DE AMES NIF: P1500200I Cod. Exp.: 2025000048117 Obxecto: DINAMIZACIÓN E XESTIÓN DOS ESPAZOS DE TRABALLO DA REDE PROVINCIAL DE COWORKING (PEL-REDE COWORKING/2026)	21.750,72	43.501,44
Beneficiario: CONCELLO DE BOIRO NIF: P1501100J Cod. Exp.: 2025000047469 Obxecto: Accións de coordinación e dinamización do espazo coworking Lab Barbanza de Boiro	26.922,50	53.845,00
Beneficiario: CONCELLO DE BRION NIF: P1501300F Cod. Exp.: 2025000044432 Obxecto: Realización de actividades de xestión e dinamización do espazo de coworking adherido á rede provincial de espazos colaborativos	21.250,00	42.500,00
Beneficiario: CONCELLO DE MIÑO NIF: P1504900J Cod. Exp.: 2025000047926 Obxecto: COWORKING CASA DO PESCADOR MIÑO 2026	15.481,95	30.963,90
Beneficiario: CONCELLO DE MOECHE NIF: P1505000H Cod. Exp.: 2025000047098 Obxecto: XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING ADHERIDO Á REDE PROVINCIAL : A FUSQUENLLA 2026	10.570,29	21.140,58
Beneficiario: CONCELLO DE VEDRA NIF: P1509000D Cod. Exp.: 2025000046719 Obxecto: MANTEMENTO CENTRO COWORKING "A ESTACION" 2026	15.000,00	30.000,00

Número de solicitudes concedidas: 11
Total concedido: 213.534,29 €.

ANEXO 2 - Denegadas

Solicitudes	Motivo
-------------	--------

Número de solicitudes denegadas: 0